



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sistemas de información para a xestión turística

Materia	Sistemas de información para a xestión turística			
Código	004G240V01503			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Carlos Villamarín, Pablo de			
Profesorado	Carlos Villamarín, Pablo de			
Correo-e	pdecarlo@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es/			
Descrición xeral	No contexto da actual sociedade da información, os sistemas que permiten xestionar esta son vitais para a supervivencia de calquera organización que, tal como sucede con aquelas que integran o sector turístico, participe activamente no mundo dos negocios globais. Nesta materia preténdese pór de manifesto a importancia que para as organizacións do sector turístico ten deseñar e implantar un sistema de información eficiente. Esta ferramenta de xestión debe permitirles captar os datos dispoñibles nunha contorna altamente complexa e dinámico, procesalos no seo da organización para convertelos en información útil e difundir dita información ás persoas idóneas. Así mesmo, preténdese resaltar as novas oportunidades de negocio electrónico que xurdiron no sector. A materia está integrada por dous tipos de contidos intimamente relacionados. Por unha banda, os teóricos, centrados na análise dos sistemas de información nas organizacións, en xeral, e nas do sector turístico en particular. Para iso, abordanse aspectos tales como o papel que xogan os sistemas de información nos negocios actuais, os trazos distintivos que caracterizan a denominada sociedade da información, así como as transformacións experimentadas polo turismo no seo da mesma, o impacto dos sistemas de información nas organizacións e a súa utilización para obter vantaxes competitivas ou os novos modelos de negocio electrónico no sector turístico. Doutra banda, os prácticos, nos que se formulan actividades nas que se deben buscar e obter datos relativos a diversos aspectos da actividade turística, procesalos para convertelos en información útil para a organización turística correspondente e presentar dita información da forma máis clara posible.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
B5	Capacidade de comunicación oral e escrita
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
B10	Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo

C13 Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas turísticas, así como saber tomar decisións estratéxicas.

D1 Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos

D2 Compromiso ético

D3 Creatividade

D4 Iniciativa empresarial

D5 Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Explicar como funcionan os sistemas de información e por que son tan esenciais para os negocios actuais.	A1 A5	B5 B8		
Valorar as transformacións experimentadas polo turismo na sociedade da información.	A1 A5	B8	C10	D3
Describir os principais impactos dos sistemas de información sobre a economía e a estrutura das organizacións.	A1 A5	B5		
Aplicar o modelo das cinco forzas de Porter para analizar como as empresas desenvolven estratexias competitivas mediante o uso de sistemas de información.	A1 A2 A5	B9		D3
Identificar os sistemas e tecnoloxías que poden apoiar a xestión da información e dos procesos de negocio das empresas turísticas.	A1 A5	B8	C13	
Distinguir as características únicas do comercio electrónico, os seus diferentes tipos e os seus principais modelos de ingresos.	A1 A5	B8		
Valorar os cambios introducidos por Internet no modelo de negocio das empresas turísticas.	A1 A5	B7 B8	C10 C13	
Utilizar distintas ferramentas de xestión da información para simular tarefas propias dunha empresa turística que impliquen converter datos en información a presentar de forma nítida e estruturada.	A2 A3 A4 A5	B1 B5 B7 B8 B9 B10	C10 C13	D1 D2 D3 D4 D5

Contidos

Tema

Tema 1. A sociedade da información.	1.1. Caracterización básica da sociedade da información. 1.2. Sistemas de información nos negocios globais actuais. 1.3. O turismo na sociedade da información.
Tema 2: Xestión da información e do coñecemento en empresas turísticas.	2.1. Como utilizan as empresas os sistemas de información: impactos e estratexias. 2.2. Xestión dos fluxos de información nas empresas do sector turístico.
Tema 3: Estratexias de negocios turísticos baseados na rede.	3.1. Comercio electrónico e internet. 3.2. Negocio e comercio electrónico no turismo.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0.5	1.5
Sesión maxistral	21.5	64.5	86
Prácticas en aulas de informática	21	0	21
Presentacións/exposicións	1.5	38.75	40.25
Probas de tipo test	1.25	0	1.25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Prácticas en aulas de informática	Actividades de aplicación de coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo, que se realizan en aulas de informática.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto,...

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Tempo reservado para orientar, atender e resolver dúbidas do alumno no seu proceso de adquisición das competencias da materia.
Prácticas en aulas de informática	Tempo reservado para orientar, atender e resolver dúbidas do alumno no seu proceso de adquisición das competencias da materia.

Avaliación							
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...	50	A2	B1	C10	D1	
			A3	B5	C13	D2	
			A4	B7		D3	
			A5	B8		D4	
				B9		D5	
				B10			
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	50	A1	B7	C10	D2	
			A2	B8	C13		
			A5	B9			

Outros comentarios sobre a Avaliación

Primeira oportunidade: o conxunto de criterios de avaliación arriba exposto constitúe o sistema de avaliación continua na primeira oportunidade. É necesario alcanzar un mínimo de 3.5 (sobre 10) en cada proba para poder compensala e superar a materia.

O alumno que non siga o procedemento de avaliación continua deberá realizar un exame final, con parte teórica e parte práctica, que suporá o 100% da nota. É necesario alcanzar un mínimo de 3.5 (sobre 10) en cada parte para poder compensala e superar a materia.

Segunda oportunidade: os alumnos que non superen a materia na primeira oportunidade, teñen dúas opcións:- Realizar un exame, con parte teórica e parte práctica, que suporá o 100% da nota. É necesario alcanzar un mínimo de 3.5 (sobre 10) en cada parte para poder compensala e superar a materia.- Conservar a nota obtida nas Presentacións/exposicións (50%), sempre que sexa superior a 3.5 (sobre 10), e realizar unicamente a Proba de tipo test (50%). É necesario alcanzar un mínimo de 3.5 (sobre 10) nesta proba para poder compensala e superar a materia.

A concreción das actividades a realizar dependerá en gran medida do número de alumnos, medios para traballar en grupo, etc.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2015-2016. En caso de conflito e disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Arjonilla Domínguez, S.J. e Medina Garrido, J.A., **La Gestión de los sistemas de información en la empresa: teoría y casos prácticos (3ª edición)**, Madrid: Pirámide,

Gil Padilla, A. e González Aponcio, Z., **Las nuevas tecnologías en el sector turístico**, en Parra, E. y Calero, F.J. (eds.) **Gestión y Dirección de Empresas Turísticas**. Ma,

Laudon, K.C. e Laudon, J.P., **Sistemas de información gerencial (12ª edición)**, México: Pearson Educación,

Pérez, E., Rodríguez, M.E. e Rubio, F., **Turismo en la sociedad de la información: modelos emergentes. El entorno general**, UOC,

Sieber, S., Valor, J. e Porta, V., **Los Sistemas de información en la empresa actual : aspectos estratégicos y alternativas tácticas**, Aravaca (Madrid): McGrawHill,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

E-marketing no sector turístico/O04G240V01904

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I/O04G240V01102

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II/O04G240V01203
